

A literatura contra o silencio. Suso de Toro¹

Francesca Blockeel

[Recibido, maio 2008; aceptado, xullo 2008]

RESUMO Se a literatura española tratou o tema da Guerra Civil dende os anos corenta, foi só a partir de mediados dos anos noventa cando entrou tamén o da memoria histórica nas narrativas españolas. A aprobación da Lei de Memoria Histórica en decembro de 2007 foi precedida en toda a sociedade española por discusións acaloradas entre os defensores do rescate da memoria e os seus opositores, argumentando estes que a iniciativa abriría vellas feridas. Despois de esbozar os aspectos esenciais da situación actual, analízase nesta contribución a última novela de Suso de Toro. Móstrase como o escritor galego, tamén coñecido polos seus escritos ensaísticos e as súas posicións políticas, intenta rematar en *Home sen nome* co esquecemento que caracterizou a política oficial española até fai pouco.

PALABRAS CHAVE: Guerra Civil, Transición, Recuperación da memoria histórica, Suso de Toro.

ABSTRACT Although Spanish literature dealt with the Civil War from the 1940s onwards, it was only in the mid-nineties that the so-called *memoria histórica* made its appearance in narrative texts in Spanish. The passing of the *Memoria histórica* Act in December 2007 was preceded by a heated debate between those in favour of the recuperation of forgotten acts of violence and their opponents, the latter arguing that the process would re-open old wounds. After an analysis of the salient points of the status quo, the author moves on to examine the latest novel by Suso de Toro. She shows that the Galician writer, whose articles in the press and his political stance are well known, attempts in *Home sen nome* to do away with the obliviousness that characterized the official Spanish line until recently.

KEYWORDS: Civil War, Transition, Recovery of historical memory, Suso de Toro.

7

1. Introducción

No outono de 2006, Jonathan Littel obtivo o Premio Goncourt pola súa primeira novela, *Les bienveillantes*, na cal ofrece un relato arrepiante sobre o

¹ Versión adaptada do artigo “Contra o esquecemento. *Home sen Nome* de Suso de Toro”, aparecido en *Phrasis*, 49.1 (2008).

nazismo como método de exterminio masivo do outro. O protagonista Max Aue confesa, en primeira persoa, a súa activa participación en crimes monstruosos e a súa responsabilidade nos campos de exterminio como solución final ao problema xudeu. Non o fai para pedir desculpas polos seus pecados, nin tampouco para se librar dun sentimento de culpa, senón que simplemente nos conta a historia dos seus crimes para explicar a pertinencia das súas razóns para facer o que fixo. Por casualidade, o escritor galego Suso de Toro ofrécenos case ao mesmo tempo unha historia parecida na súa novela, *Home sen nome* (Edicións Xerais de Galicia, 2006), aínda que aquí se trata dun verdugo español. A historia sitúase maioritariamente en Galicia e os crimes refírense ao período da Guerra Civil española, se ben é certo que dentro do contexto do fascismo europeo. Nin arrepenido nin atormentado, o franquista, ao igual que Aue, confesa o seu pasado e continúa xustificándoo até o final.

A novela de Suso de Toro encádrase claramente no vasto acervo de libros sobre a Guerra Civil que se publicaron dende os anos corenta². Ao longo dos anos esta temática coñeceu na súa evolución varios cambios de paradigma, como explica Winter (2006: 9): se nun primeiro momento moitas novelas estaban marcadas polo traumatismo, até mediados dos anos noventa destácanse máis a “estetización e a desrealización metaficcional da Historia”, mentres que a terceira e actual etapa caracterízase pola “reconciliación que interioriza –ás veces ironicamente– o escepticismo historiográfico dos anos oitenta”. O traumatismo inicial centrouse, loxicamente, só na contenda e o período que a precedeu, pero co pasar dos anos, o franquismo e, máis tarde aínda, a *Transición*, víronse igualmente convertidos en escenario predilecto. Folga dicir que esta evolución ten moito que ver co feito de que xurdiu unha xeración de escritores nados despois dos acontecementos; até os hai que case non coñeceron a ditadura, cuxa memoria se basea na literatura e a filmografía da segunda metade do século XX³, polo cal non é de estrañar que a súa atención e interese se cingan máis ao presente que ao pasado.

² Maryse Bertrand de Muñoz (2001) sinala que só no xénero da novelística hai unhas mil cincocentas obras que se refiren a Guerra Civil española, na súa totalidade ou en parte máis ou menos significativa.

³ Sobre a Guerra Civil no cinema, véxanse as contribucións de Jo Labanyi, *El cine como lugar de memoria en películas, novelas y autobiografías de los años sesenta hasta el presente*, en Resina. 2005; a de Claudia Jünke, *La Guerra Civil española como lugar de memoria en la novela y el cine actuales en España*, en Winter. 2006; varios capítulos de Gómez López-Quiñones. 2006 e Crusells. 2006. *Cine y guerra civil española, Imágenes para la memoria*, Madrid: Ediciones JC.

Nesta contribución, vou resumir brevemente como xurdiu o debate actual sobre a memoria histórica, para logo analizar como a temática se introduciu na novela *Home sen nome* do escritor Suso de Toro.

2. A memoria histórica en España

Dende os anos noventa, a presenza da memoria histórica na literatura, e non meramente a da Guerra Civil, atraeu o interese de numerosos críticos literarios e, pola “perseveranza de temas e motivos [...] ou algunha forma de coherencia interior no marco dunha coincidencia cronolóxica de autores e obras”, constitúe xa unha “trama” da literatura española de 1944-2000, segundo Mainer (2005: 7). Así mesmo, historiadores e sociólogos interesáronse a partir desas mesmas datas pola actitude e a evolución na postura das instancias oficiais respecto da revisión crítica do pasado, evolución que resultou na Lei de Memoria Histórica, en vigor dende o 26 de decembro de 2007, “pola que se recoñecen e amplían dereitos e establécense medidas en favor dos que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a ditadura” (BOE, 27/12/2007).

9

Esta Lei pretende, entre outras cousas (arts. 15 e 16), acabar con todos os “lugares de memoria”, termo de Pierre Nora, que deixaron os vencedores por toda España para mostrar a súa supremacía: monumentos, espazos funerarios, edificios públicos ou relixiosos ou outros elementos urbanísticos que recordan feitos e personaxes históricos (rúas, prazas, parques, escolas, etc., que levan nomes de protagonistas franquistas). Como foron os vencedores da guerra os que durante o franquismo escribiron a Historia, eles escribírona e manipulárona en función dos seus intereses, polo que é lexítimo falar aquí dunha “memoria manipulada”. Marie-Claude Chaput (2001: 50) sinala a importancia neste proceso, por un lado, da censura, que durante case corenta anos só deixou pasar textos “avec pour seule histoire celle des vainqueurs”, e en segundo lugar, a importancia do ensino da Historia nas escolas⁴.

Pero en primeira instancia, a lei aspira a poñer fin ás moitas inxustizas que sufriron os vencidos e os seus descendentes. A pesar da versión oficial e

⁴ Iso explica o interese recente dos historiadores por estudar o contido dos manuais escolares de historia daquela época, tal como, por exemplo, das famosas *Enciclopedias Álvarez*. Véxase Álvarez et al. (2000).

manipulada da historia, é de todos sabido que o réxime de Franco se apoiaba nunha represión desapiadada dos vencidos e un amedrentamento da poboación. Até ben entrada a ditadura houbo moitas execucións e moita xente desaparecida, casos que non foron rexistrados, xa que ninguén se atrevía a declarar ante as autoridades, que mantiveron un réxime de silencio e de ocultación, posto que o franquismo prohibiu durante a súa existencia a memoria da represión. Tamén dificultou a reintegración social, económica e laboral dos vencidos na sociedade de posguerra. Os seus “proprios” falecidos, en cambio, foron resarcidos moralmente –mediante homenaxes e monumentos– e economicamente con pensións e privilexios. Infelizmente, estas situacións de flagrante inxustiza non se resolveron coa morte do ditador. Como se explica que mediaron 33 anos dende 1975 até a aprobación da recente lei que intenta paliar a situación?

O problema radica en que durante a *Transición* española, o período de 1975 a 1982⁵, unha das condicións para que os fascistas cedesen o poder e garantisen a paz foi que se gardase silencio sobre os crimes da represión. De feito, a Lei de Amnistía de 1977 eximía de toda responsabilidade os franquistas, case non houbo medidas oficiais para compensar as familias de persoas desaparecidas, destruíronse miles de documentos relacionados co franquismo: os arquivos da Falanxe, da Garda Civil, das prisións provinciais, etc.⁶. Pódese dicir que o debate actual sobre a memoria histórica se remonta a ese “pacto do silencio”, non escrito, porque implicaba que non houbo debate sobre o tema senón un silencio oficial, sentido polos vencidos como un “pacto do esquecemento”.

A escaseza de medidas oficiais na *Transición* enténdese dalgún xeito, visto que o aparato do poder franquista estaba aínda en vigor e que o clima político aínda non se estabilizara. O que si estraña, é que o primeiro goberno da Democracia constituído por opositores do franquismo, o de Felipe González de 1982, non rompese con esa política e continuase a prohibir o acceso aos arquivos e o dereito á información⁷. Seguiron existindo o “recordo e o esque-

⁵ Cabe sinalar que hai discordancias sobre as datas exactas da *Transición*.

⁶ Os varios intentos de recuperar a historia das vítimas republicanas (homenaxes a desaparecidos, conmemoracións, apertura de foxas comúns...) foron todos privados. Marie-Claude Chaput (2001: 56-59/71-72) mostra como, no período 1975-1982, a revista *Triunfo* se empeña en dar conta de todos estes actos privados.

⁷ Véxase o artigo de Schiederig (2005) sobre os actos do primeiro goberno socialista. O historiador Francisco Espiñanta Mestra (2006) denuncia as dificultades para investigar sobre a memoria histórica da Guerra Civil e o franquismo, debido á ambigüidade da lexislación.

cemento institucional” de antes (Dupláa, 2000: 34). Segundo Jorge Semprún (1995) esa “autoamnistía voluntaria”, positiva para poder seguir adiante, custou un prezo que “agora empezamos a pagar”, a saber, o problema da identidade.

Efectivamente, todo o ocultar e manipular da historia non significou que media España esquecese as situacións difíciles polas que pasou: “as doridas memorias individuais dos vencidos e dos antifranquistas resistíronse tenazmente a ese esquecemento” (Aranzadi, 2006). Así se explica que moitas persoas recibisen durante a súa infancia o impacto do ensino oficial que difundía a versión franquista da Historia, pero tropezaban no seu ámbito con outra versión. Como sinala Ballesté (2001: 119), a xeración de escritores nados entre 1950 e 1965:

criouse nun ámbito peculiar no que podían opoñerse unha vida pública organizada segundo un esquema totalitario e un núcleo familiar onde eventualmente se advertían posturas discrepantes. A rixidez dunha ideoloxía imposta, por unha parte, e o sixilo dos que disentían dela, por outra, eran motivos abondos para que a xuventude educada en semellantes condicións esquizoides se formulase o problema da súa propia identidade.

Foi por iso polo que, nos anos noventa, despois de case sesenta anos, estalou entre esa xeración unha ansia de rescatar a tempo para a Historia as memorias individuais. Estase finalmente ante o desexo de saber que lles aconteceu aos pais ou avós, o desexo de descubrir a verdade, de ir dicindo en voz alta o que sempre se calara, de buscar as orixes da súa identidade. A partir de 1996, ese fenómeno chega aos principais medios de comunicación. Publícanse numerosos artigos e libros sobre a Guerra Civil e o franquismo nos que se formula abertamente a necesidade de render homenaxe ás vítimas do franquismo⁸.

A medida que se aproximaba o ano 2006, o do 70 aniversario do comezo da Guerra Civil, o fenómeno foise intensificando. O arqueólogo Emilio Silva creou en 2001 a “Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica”⁹, que contribuíu a levar o asunto á axenda política. De feito, o ano 2006 foi declarado Ano da Memoria Histórica, en recordo das vítimas e, como xa foi

⁸ Un dos primeiros estudos en investigalo en serio foi o de Aguilar Fernández (1996); véxase tamén Santos Juliá (1999).

⁹ A ARMH é unha organización privada que agrupa varias delegacións de todo o país e que a través dunha páxina Web (<http://www.memoriahistorica.org>) reúne toda a información posíbel sobre

dito, a finais de 2007 foi aprobada a Lei de Memoria Histórica. Non obstante, a aprobación da lei xerou discusións axitadas tanto no Parlamento coma na sociedade, argumentando os uns que se trata dun afán vingativo, dun intento perigoso de abrir feridas antigas e opoñer unha vez máis as dúas Españas, e respondendo os outros que recuperar a memoria só significa:

ter a posibilidade, primeiro, de coñecer todo o que sucedeu para dignificar as vítimas da ditadura, segundo, superar o pasado censurando a apoloxía do totalitarismo, e terceiro aprender a non repetir a mesma confrontación e os mesmos crimes (Sánchez, 2007).

Que as dúas Españas seguen vivas manifestouse na chamada “guerra de necrolóxicas”, desatada en agosto de 2006, na sección de necrolóxicas de varios xornais. Tratábase de necrolóxicas guerracivilistas que rememoraban españois mortos hai setenta anos, nas que se repetían frases como “asasinado pola barbarie fascista”, no caso de vítimas do bando republicano, e “víctima das hordas comunistas”, se se trataba dunha vítima do bando franquista. Á hora de finalizar este artigo, parece que a aplicación da lei vai facéndose cada vez máis patente e que son moitas as localidades que están a retirar das súas rúas e edificios os últimos vestixios do franquismo.

12

Está claro, pois, que España segue enfrontándose á súa pantasma, loitando coa súa memoria histórica –chámese memoria manipulada, secuestrada (Vázquez Montalbán, 2005: 244) prohibida borrada ou memoria en litixio–, e que moitos se empeñan en recuperala¹⁰. Así que non estraña que nunca se publicasen sobre o tema tantos libros de carácter académico e tampouco que se escriban cada vez máis novelas que indagan en como este período opera na vida dos españois de agora¹¹. A partir dos últimos quince anos, os

actividades, programas, artigos de prensa, exposicións, enlaces, etc., relativos ás pegadas da Guerra Civil e do franquismo. O seu labor foi dirixido á procura de desaparecidos e á axuda na exhumación de foxas comúns e cunetas onde remataban os fusilados na Guerra Civil e na posguerra. Véxanse sobre este tema Emilio Silva (2003) e Montse Armengou e Ricard Belis (2004).

¹⁰ O que está a acontecer nos últimos anos en España non debería, segundo Juan Aranzadi (2006), ser denominado “recuperación” da memoria, dado que “somos lexión os que, desgraciadamente, nunca a perdemos porque era unha memoria ferida, humillada, dorida. O que está a acontecer é que os historiadores, as editoriais e os medios de comunicación están a poñer atención nesas memorias nunca perdidas e que a investigación, coñecemento e relato de episodios, fenómenos, períodos e xentes até hai moi pouco esquecidos e preteridos está a ingresar na Historia”.

¹¹ Tamén na literatura xuvenil causa efecto esa tendencia: uns libros recentes son *Noche de alacranes*, de Alfredo Gómez Cerdá (2005), *Cielo abajo*, de Fernando Marías (2005) e *La ciudad gris*, de Daniel Hernández Chambers (2006). Outra manifestación é a película *Salvador* (Manuel Hueriga, 2006) que conta a historia do mozo Salvador Puig Antich, executado a garrote vil en 1974.

escritores¹² atrevéñse a describir o mundo da posguerra, poboado de persoas que viven en segredo, en silencio, na clandestinidade, homes e mulleres amedrentados e humillados que aprenden a dura tarefa de sobrevivir. Non destacan os grandes feitos, senón as pequenas historias individuais e os traumas que afectaron case exclusivamente aos perdedores: execucións, encarceramentos, exilio, un férreo sistema de represión que impediu a reinserción no mundo laboral e na sociedade, a continua sensación de medo dos vencidos fronte ao pouco risco que correron os que exerceron a represión, avalados por un poderoso aparato policial-militar e o apoio moral da Igrexa católica. Como sinala o investigador Altmann, queda claro que:

non se trata de reanimar as vellas paixóns, nin de axustes de contas nin de vinganzas. [...] Escribir sobre este período non exerce unicamente un efecto terapéutico para o autor, senón que o pode ser tamén para os seus lectores, moitos dos cales descoñecen hoxe –simplemente xa por razóns de idade– a dura experiencia pasada.

3. Suso de Toro

13

Xesús Miguel de Toro Santos, máis coñecido como Suso de Toro, naceu en 1956 en Santiago de Compostela, onde creceu, se licenciou en Arte Moderna e Contemporánea e vive até hoxe en día. Empezou a escribir novelas en 1982; é igualmente ensaísta, guionista de televisión e colaborador regular na prensa (por exemplo na edición galega de *El País*, *El Mundo*, *La Vanguardia*) e en programas de radio. Publicou en galego máis de vinte obras de narración, teatro e ensaio, a maiorías das cales foron traducidas ao castelán e ao catalán, e algunhas a outros idiomas europeos. Foi galardoado con varios premios literarios¹³.

De Toro está intrinsecamente ligado á súa terra natal, o que se nota na súa obra: moitas das súas novelas desenvólvense en Galicia e nos seus ensaios aborda varios aspectos da historia, a cultura, a economía e a política galegas.

¹² Son tanto escritores da xeración nacida antes da Guerra Civil, como Jorge Semprún, Juan Goytisolo, Josefina Aldecoa, coma autores máis novos: Rafael Chirbes, Dulce Chacón, Ángeles Caso, Julio Llamazares, Antonio Muñoz Molina, Manuel Rivas, Suso de Toro e moitos outros.

¹³ Premio da Crítica de Galicia por *Polaroid* (1986), Premio Blanco Amor de novela por *Calzados Lola* (1997), dúas veces Premio da Crítica española, por *Tic-tac* (1993) e por *Non volvas* (2000), e Premio Nacional de Narrativa en 2003 por *Trece badaladas* (2002), novela levada ao cinema.

Xunto con Manuel Rivas¹⁴, nacido un ano máis tarde, é o principal representante da nova xeración da literatura galega. Ambos os dous mostráronse moi comprometidos con Galicia, sobre todo ao desempeñar un papel importante na Plataforma Nunca Máis, que naceu despois do desastre marítimo do petroleiro Prestige en 2002.

Foi sobre todo despois dese desastre cando de Toro empezou a se manifestar como ensaísta de éxito. Dos seus ensaios destaca a triloxía *Nunca Máis. Galiza á intemperie* (2003), *Españois todos* (2004) e *Otra idea de España* (2005). Son obras sumamente críticas nas que de Toro reflexiona sobre temas políticos e sociais actuais. Mediante unha boa dose de ironía, sarcasmo e cinismo, pronúnciase, non só acerca de temas de política internacional (Palestina e Israel, a guerra en Iraq, Afganistán...), senón tamén sobre a actitude do goberno de José María Aznar no caso do Prestige, sobre a política galega, o nacionalismo español, o estatuto das autonomías españolas e sobre a persistencia do franquismo en España. En varias entrevistas¹⁵ manifesta a súa preocupación polo esquecemento oficial en relación co pasado e pola “infantilización” conseguinte dos españois, opinando que unha parte de España “debería pedir perdón por causar unha sanguenta guerra civil e manter 40 anos de represión”. A súa crítica explícita á vida política española, e sobre todo á dereita española, fixo que de Toro se convertese nun dos ensaístas máis polémicos do momento. O actual presidente do Goberno Español, o socialista José Luis Rodríguez Zapatero, interesouse publicamente polos seus escritos políticos¹⁶, o que fixo que o autor se transformase nun branco do Partido Popular.

Se por un lado, de Toro afirma que circunstancias como o caso Prestige ou a participación española na guerra de Iraq o empurraron a xogar un papel activo na sociedade, a escribir os seus ensaios e a botar fóra as súas reaccións

¹⁴ Rivas tamén abordou a Guerra Civil en *O lapis do carpinteiro* (1998), *A lingua das bolboretas*, conto incorporado na obra *¿Que me queres, amor?* (1998) e *Os libros arden mal* (2006). Gozou dun éxito literario máis temperán que o de De Toro, principalmente porque *A lingua das bolboretas* foi levado ao cinema.

¹⁵ Entrevista con Jesús Ruiz Mantilla, *El País-Cultura* 20/05/2007; entrevista con Xosé Hermida, *El País* 27/09/2006; <http://noticias.ya.com/cultura-Vocento>; <http://www.telepolis.com> (download 5/10/06); “A tumba do irmán”, *El País-Opinión* (29-04-2006); <http://actualidad.orange.es/carticulos/136318.html>.

¹⁶ Referíndose ao libro *Otra idea de España*, Zapatero dixo, en *El País* de 20/05/2006, que compararía a visión do seu “escritor de cabecera”. Visto que de Toro, que acaba de publicar o ensaio *Madeira de Zapatero. Retrato dun Presidente* (2007), critica duramente o Partido Popular e á dereita en xeral, iso non é de estrañar.

iradas¹⁷, por outro lado, el mesmo insiste en que non hai que confundir o ensaísta e o escritor, e quere establecer unha clara distinción entre o “Suso cívico” e o “Suso artístico”, entre o activista intelectual que exerce a súa paixón cívica e o artista.

A cuestión é saber se un escritor sempre consegue separar os dous aspectos da súa personalidade. Até que punto, ou en que medida, se infiltran os sentimentos cívicos nunha obra literaria? É o que me propoño analizar na súa última novela *Home sen nome*, de 2006. Cómpre mencionar que o escritor xa formulou o tema da memoria histórica en *Non volvas*, de 1999.

4. A recuperación da memoria histórica en *Home sen nome*

Que o tema será importante na novela, maniféstase xa dende a primeira páxina da obra. Efectivamente, no epígrafe lese o seguinte:

Aínda sen palabras nin altares,
Preguemos oracións, coma se fosen.
Rezar en alto ou baixo con unción
Os nomes que ordenaron esquecer.
Dicir en alto unha vez nomes anónimos.
Nomes enterrados no túmulo dos nomes
Que fan amarga a nosa terra negra.
[...]
E así cada un busque, pregunte,
Eses nomes que lle corresponden
Pronuncialos nas gabias e revoltas dos camiños,
No muro do cemiterio, nunha leira e nunha braña.
Darlles a moeda, barca e soño que non teñen.
Facer un lume no que arda a cinsa vella
E ascendan os nomes libres polo ar (p. 7).

15

O de “nombres que ordenaron esquecer” é o primeiro indicio da presenza do tema no que vai seguir, e as ordes “preguemos” e “cada un busque, pregunte”

¹⁷ “A vida fíxome xornalista” (<http://www.barcelona2004.org/eso/actualidad/noticias>), e outro comentario seu: “[o intelectual] debe reflexionar de modo independente de calquera instancia e logo, se ten algo que dicir, expoñelo á sociedade, se non, pois calar. En xeral, o deber do intelectual é dicir xustamente aquilo que doe, o que a sociedade non quere oír” (*El Mundo*, 04/11/2003).

parécense a exhortacións a furgar no pasado co obxectivo de lles dar dignidade ás vítimas anónimas do pasado, aos que xeralmente se dá o nome de “homes sen nome” (Silva, 2003). Non obstante, na narración, se ben dende o inicio hai referencias a guerras e a bombardeos, durante un longo anaco non nos fala en particular dos esquecidos da guerra, ao contrario.

Empecemos por aclarar a estrutura narrativa da obra. Suso de Toro bota man dunha complexa construción para contar a súa historia, unha composición que parece unha mestura de dous xéneros, a novela e o teatro. O libro ten unha dobre estrutura. Hai unha acción que se desenvolve no presente, ao longo de dous días do principio do século XXI, e hai un relato que abrangue a primeira metade do século XX. En consonancia, no tempo presente estamos diante dunha forma case teatral en que alternan diálogos con soliloquios, mentres que o pasado se evoca dunha forma máis narrativa e, por momentos, cinematográfica, a través de monólogos, soños e evocacións interiores. Nos agradecementos últimos o autor explica que a súa novela é “un teatro de sombras no que se representa unha especie de drama relixioso” (p. 395). O escenario desta “obra dramática” non é outro que o cuarto dun hospital de Santiago de Compostela na que coinciden dous homes, e nesa concepción teatral de escenario único entran e saen os outros personaxes.

16

Internámonos na historia a través de Nano, un home algo inxenuo, que se sente molesto por un nonaxenario moribundo que se atopa na cama veciña e que está a repasar mentalmente, entre soños e delirios, a súa vida, unha vida chea de morte e de violencia. A súa “voz de asasino” (p. 16), inspíralle medo e noxo a Nano, que se decata pouco a pouco da participación do ancián, médico de profesión, na Guerra Civil, no bando nacionalista e despois como voluntario na Segunda Guerra Mundial.

A narración parte, pois, dos pensamentos e as conversas dos dous homes, mesturando continuamente as súas voces (e algunhas outras), sen indicación ningunha das transicións, ás veces repentinas, de xeito que ao lector lle toca a penosa tarefa de descifrar quen fala e a que momento histórico ou lugar se está a referir. O que estrutura a narración é a armazón temporal, que descansa na visión retrospectiva do vello, ao facernos percorrer a súa vida dende a infancia até finais dos anos corenta. A primeira vista, esas reminiscencias van aparecendo perante o lector como un enguedello de recordos inconexos, porque o moribundo está a delirar, pasando dun estado consciente a outro inconscien-

te. Non obstante, os recordos estrutúranse máis ou menos cronoloxicamente e constitúen micronarracións de acontecementos pasados, seguindo a orde cronolóxica. Son só os momentos de espertar, os momentos de transición repentina, os que son caóticos.

Estes breves relatos van debullando os feitos fundamentais da súa vida: a infancia, como fillo dos señores dunha aldea galega; a fascinación pola matanza do porco, prefigurando xa o seu posterior desexo de matar; a morte prematura da súa nai aos seis anos; a morte do irmán xemelgo, que cargará para sempre como unha sombra ás súas costas; as discusións co pai Virxilio sobre a relixión, Deus e a salvación, nas que se ve como o adolescente intelixente e razoador vai perdendo a fe e só procura amparo en si mesmo; os estudos de Medicina na Universidade de Santiago nos anos trinta, cando espertan as súas ideas políticas fascistas; o paso por Berlín¹⁸, onde simpatiza logo co nazismo nacente e aprende a matar; o ingreso na vangarda falanxista española en 1935; o seu protagonismo nas sacas e torturas da feroz represión de xullo e agosto de 1936 en Santiago; a súa participación como voluntario na División Azul en Leningrado; e finalmente a súa desilusión. A través dos recordos do vello, o escenario único da cama amplíase a Galicia, Berlín e Rusia, pero destacan sobre todo Santiago de Compostela, que se esboza como unha cidade submisa e asfixiada pola igrexa e os poderosos, e a aldea galega, caracterizada polos seus mitos e lendas identitarios, tales como a Santa Compañía e os meigos. Aínda que algúns escenarios reiterativos lastran o avance –sobre todo as partes que transcorren na infancia e en Rusia fanse demasiado longas–, o libro lese con ansia por pasar á seguinte páxina.

17

Esta mirada retrospectiva desvela como este home se converteu case nunha personificación da maldade, xa que rememora friamente como gozou do mal participando en múltiples fusilamentos, torturas e violacións. As micronarracións están engarzadas mediante voltas continuas á situación vivida na obra como presente, é dicir, á cama no hospital. Tanto do pasado evocado como das súas conversas no hospital, despréndese o carácter dese monstro. É un home lúcido, perspicaz e culto, pero orgulloso, presumido e altivo até a impertinen-

¹⁸ Ao escritor interesáballe reconstruír a vida durante os anos trinta e corenta, pero sen esquecer a realidade, a influencia e a rede europea naqueles momentos. Así, o protagonista volve a España coas ideas “modernas”: “o moderno viña de Berlín” e “o futuro empeza aquí”. Segundo o autor non se pode entender a realidade española fóra do contexto europeo onde a radicalización ideolóxica xa tivera lugar.

cia, é o misántropo e misóxico por antonomasia. Crese inmortal –el insiste moitísimo niso, é como o seu *leitmotiv*, quizais simbolice que o mal nunca se destrúe?–, superior a todos cantos o rodean, coma se fose máis que humano, un semideus. A pesar da súa avanzada idade e mesmo prostrado na cama, actúa con arrogancia con todos os que se lle achegan.

Estamos ante unha reflexión sobre o mal, sobre a responsabilidade moral do individuo e sobre a natureza humana, pero, e iso é o orixinal, esas consideracións preséntanse dende o prisma do verdugo, un verdugo que non se arrepite de nada, actitude ben contraria á que Carlos Fuentes lle imprime ao seu Artemio Cruz. De feito, o seu “exame de conciencia” non é unha viaxe de intención redentora, como cabería pensar. Non busca perdón, nin reconciliación, ben ao contrario, até a fin mantense na súa postura de verdugo que ten toda a razón.

Segundo sinala Suso de Toro¹⁹, púxose na pel do verdugo porque quixo coñecer o lado máis tenebroso do ser humano e saber que impulsa o asasino: “Ser bo está ao alcance de calquera, pero interesoume coñecer a forza que lanza a Don Juan a seducir mulleres²⁰, a que impulsa os asasinados a violar de forma constante e matar sen remordemento”. Ao autor parecíalle que a idea de ser vítima, non lle permitía coñecer certos aspectos da vida: “No conto de Caperucita e o lobo, hai cousas que só sabe o lobo. É o coñecemento do terrible”²¹.

Se hai lobos, tamén hai ovellas, vítimas, aínda que estas non lle interesan ao protagonista por ser “todas semellantes, no rabaño nin se distinguen” (p. 170). Porén, existen. Introdúcense na obra a través de Nano e de Celia, unha escritora que acode ao leito do moribundo para saber algo máis sobre un caso concreto que aconteceu en Santiago, o caso de dúas mulleres torturadas e aldraxadas dunha familia de sindicalistas, os Fandiño. Con Celia introdúcese a intención subxacente da novela. Porque, se os temas son efectivamente a maldade do home e a responsabilidade moral de cada un, o obxectivo do libro, ao meu parecer, é espertar os lectores. O libro é un berro pola recuperación da memoria histórica, para a necesidade de non esquecer, de pedir perdón. A visi-

¹⁹ 25/5/2006, en: <http://actualidad.orange.es/carticulos/136318.html>

²⁰ Á parte da maldade e o horror, o libro trata igualmente do masculino e o feminino, un tema recorrente na obra do escritor.

²¹ Non será por nada que o vello, cando aínda novo, estaba afeccionado a matar lobos, e que no epílogo, e só alí, o lector dea, case por casualidade, co apelido do “home sen nome”: Lobeira.

ta de Celia funciona como un catalizador porque obrigará o vello a confesar a súa participación nos abusos cometidos e dar as razóns para actuar dese modo. Así, falando a investigadora con el durante os seus momentos lúcidos e con Nano durante os outros, constrúese o marco do debate actual da recuperación da memoria, en todos os aspectos arriba mencionados.

Celia, cos seus corenta anos, encarna a xeración dos netos dos vencidos, a que quere saber que pasou, que quere indagar sobre o pasado, aínda que a asuste e teña medo. Ela, filla de emigrantes, expresa a urxencia de recuperar a memoria porque os que estaban directamente implicados na guerra están a morrer: “[...] dixéronme que era un informador privilexiado para eses asuntos, unha verdadeira oportunidade. E xa sabe que esa xente toda vai morrendo de vella, xa quedan poucos...” (p. 127). Celia non se conforma co medo en que aínda vive moita xente: “É certo. Aínda que pareza mentira, hai medo. Non é outra cousa, non contan por medo do que saben. Coma se aquilo estivese aínda vivo, unhas brasas, e puidese volver outra vez. Outra vez. O medo haino aínda” (p. 128). Ela pertence a esa xeración que agora, no século XXI, está a procurar as raíces da súa identidade e que, por conseguinte, considera a súa busca non só como un deber senón tamén como un dereito, explicándolle ao vello moribundo que “quen non coñece o seu pasado é coma un rapaz, non se fai adulto. Está condenado a vivir coma un rapaz que cre nos Reis Magos” (p. 208). Isto refírenos á xa mencionada “infantilización” da que fala de Toro nas súas entrevistas.

19

Nano, sesentón e “fillo desas calamidades” (p. 128), por ser froito dunha violación, é o prototipo destes nenos. Cabe mencionar que Nano xa apareceu como personaxe noutras historias de Suso de Toro. Segundo Ramos Mateo (2003: 104), nun estudo anterior a *Home sen nome*, Nano é o personaxe paradigmático do antiheroic clásico:

o seu *eu* compónse dunha multiplicidade de forzas que o disgregan, distorsionándoo, forzando unha imaxe esperpéntica e chegando á negación da súa identidade e individualidade, ocultando calquera dato que axude a unha completa comprensión das súas actuacións, psicoloxía, intencións... nunha realidade que resulta estraña para nós pola falta de información ou referencias recoñecibles, un mundo onde non hai lugar para eles.

Esta definición axústase á perfección ao Nano de *Home sen nome*: é un home ao que lle falta “o nervio de dentro” (p. 20), un “don ninguén” que non

se atreve a falar de fronte, un mentireiro, alguén sen fibra que non inspira confianza a ninguén. É coma se nunca deixase de ser o cativo pequeno, moi dependente da súa xa defunta nai. É dos que sempre tiveron medo, o que se nota no seu xeito de falar: fábase a si mesmo, en segunda persoa, coma se non se atrevese a asumir o seu propio eu, mentres que o vello relata todo en primeira persoa, totalmente dono de si mesmo. En realidade, nesta narración, o personaxe de Nano desempeña dúas funcións: por un lado, serve de interlocutor pasivo, para lle deixar contar ao vello a súa historia e por outro, exemplifica un tipo de vítima da guerra. É das vítimas que calan: “esas cousas non chas contan, non. Os vellos non contan esas cousas. E, se algo saben, cálanos coma se o esqueceran” (p. 128). É dos que dubidan se afrontar a verdade ou non, como se desprende dun comentario seu do inicio da historia: “quen escarva no pasado unicamente se crea problemas a si mesmo e tamén aos demais. Que a todos nos gusta querer coñecer o pasado, mais que non é prudente e non dá a felicidade” (p. 43). Sobre os acontecementos da Guerra Civil opina que “non se sabe que é mellor, se convén saber as cousas ou se non será mellor ignoralas, se tapalas ou destapalas. Unhas veces unha cousa e outras a contraria” (p. 197).

20

O protagonista nonaxenario, sobre todo nas súas conversas aceiradas con Celia, traduce as ideas aínda viventes entre a maioría dos vencedores e os seus descendentes, a saber, que non ten sentido saber o que pasou. Non entende ben que Celia só veña “para preguntar cousas enterradas” (p. 168) e aconséllalle repetidamente que deixe o pasado: “[...] por que queres investigar o pasado? A ti que che importa agora o que ocorreu daquela? Por que queres revolver alí? Por que queres chamar por aquelas pantasma? Dime” (p. 208). Aínda que se sente afagado polo interese que lle manifesta a nova muller, non se deixa engaiolar doadamente, resístese durante moito tempo a soltar o que ten dentro, porque sabe que recordar doe, e non está disposto a sufrir só: nesta baixada aos infernos fará sufrir tamén a Celia, á que lle chama a súa “Sibila”, clara referencia á Eneida, e xoga con ela e cos seus sentimentos.

Primeiro, non deixa de desaprobar o desexo de saber o que pasou. Négase a aceptar que se trata dun dereito dos superviventes. Para el, é unha pantalla que esconde o afán de vinganza por parte dos vencidos: “Ti, polo que vexo, sénteste unha vítima agraviada, non é? [...] Andas a buscar as vítimas, para vindicalas, claro. Que pobres vítimas, coitadas, pobriñas, e que malos os verdugos” (p. 209). O seguinte diálogo deixa constancia desa dialéctica de

vencedores e vencidos que caracteriza o actual debate da memoria histórica en España:

- Os vivos, os superviventes como di vostede, temos o deber de saber o que pasou.
- De onde sacas ti iso? Que deber é ese? Onde está escrito? Iso son desculpas túas. Os que viviron daquela e non morreron ben que calaron todo, e esqueceron. E por algo sería, non che parece? E vides agora os fillos, ou os netos, vés ti aquí a fedellar, a escaravellar.
- [...] que buscas?
- ... Non sei. Algo, supoño. Saber de onde vimos... Coñecer o noso pasado, o que nos ocultaron.
- E por que?
- Pois supoño que porque o preciso, non é? Supoño que preciso iso porque me falta. Fáltame iso, o pasado. Coma se faltase unha parte de min.
- Pobre rapaciña, vaia coas preocupacións. E que importa iso? [...] Iso, con sabelo, non che vale de nada [...].
- [...] Eu o que quero é saber esa parte oculta da historia, temos dereito a sabelo.
- ¡Tendes dereito! Vaia maneiras de falar [...] (pp. 342-343).

O vello verdugo comprácese en atormentar a Celia insinuando mesmo que o seu avó fose un “paseador” (p. 209). Non deixa de culpabilizar as vítimas, razoando que son os superviventes os que están manchados: “O que vive entre asasinos, obedecéndoos, non é completamente inocente”²² (p. 338), e opinando que os superviventes son os máis culpábeis de entre as vítimas, porque “sobreviven un a conta doutro, sempre” (p. 338). Aínda que lle dea noxo a Celia escoitar ao vello, insiste en que solte todo o que ten dentro, e o vello confesará, “coa arrogancia do asasino” (p. 339): “Fixemos moitos fantasmas... [...] Mais a todos os que desapareceron da cidade tivo que liquidalos alguén. Sempre hai alguén. Eu son alguén” (p. 208). Confesará as conspiracións que había en Santiago, as listas negras, ou sexa listas dos fusilábeis, que circulaban xa dende o mes de xaneiro do 36 pola cidade, os fusilamentos de moitos, coñecidos e descoñecidos; confesará a forza que lle deu ser dono da vida doutros, e todo iso sen deixar translucir nin o máis remoto remordemento. Tampouco nega que os vencedores exercesen un dominio absoluto sobre os vencidos

21

²² Cfr. as preguntas retóricas de José-Carlos Mainer (2005: 106, 115): “¿No fuimos cómplices, por vivos, de los largos años del franquismo?” e “¿Quién no es un superviviente es un culpable, a la vez, quizá por el simple hecho de sobrevivir?”.

durante o franquismo: “deixamos luxados os superviventes” (p. 338). O seu desprezo polos que sobreviviron e se viron condenados a obedecer e gardar silencio exprésao a miúdo, prefire os que morreron valorosamente, como Lister:

-[...] Aos demais fáltavos un anaco. Mais é mellor estar amputado que morto, non é? Iso é o que pensaron os superviventes. Calar, non pronunciar, esquecer, cortar co pasado, arrancalo, para poder vivir. Tiveron unha vida amputada e a vosa tamén o é, menos. Mais non fixeron mal, fixeron o correcto. Obedeceron, foron guiados. Non os xulgues, os netos podeades ser moi duros.

-Deberon contalo logo, cando puideron.

-Non podían. Tiñan medo. Os bravos morreron, matámoslos, aquí, ou na fronte, ou logo no monte, fusilámoslos. Ou fuxiron ao estranxeiro [...] (p. 344).

Cando Celia lle pregunta polos nomes doutros verdugos, respóndelle cun pracer malicioso que ela xa o sabe. Celia protesta pero el insiste e, desempeñando o papel do avogado do demo, recórdalle todos os lugares da memoria dos vencedores que até 2008 se podían ver por todas as partes en España porque a dereita se negaba a quitalos:

-Sabes, sabes. Sabédelo todos, sabédelo. E calades como putas. Os seus nomes están escritos en placas, en pedra, en metal. Son os nomes que tutelan as vosas vidas, os nomes das vosas rúas, dos vosos hospitais... Eses son os que asasinaron. Non vos fagades os inocentes, cómo que non sabedes.

[...]

-O que non hai é xustiza, se non, o Estado investigaría.

-Xa cho dixen, non hai nada que investigar. Todos saben quen foi. E ninguén, nada, detivo o noso brazo, ninguén detén o brazo co coitelo en alto. E foi todo impune, ninguén nos castigou. Os meus compañeiros tiveron altos cargos... Recibiron medallas, cargos do Estado. Quen cres que ocupou o Estado todo? [...] (p. 307-308).

Antes, o ancián xa aludira a “Manolito Fraga, Fraga Iribarne, o voso presidente”, que “ditaba clases en Madrid vestido con correaxes e con fusta” aínda que non fixese nada na guerra, e se burlase de Galicia, “terra condenada esta. Queriades ter un goberno propio antes [...], e volvestes querer autonomía e acabastes cun falanxista de presidente da Xunta. Sodes un país desastroso, país capado” (p. 170). Tampouco escapa á súa crítica mordaz “Gonzalito”, Gonzalo Torrente Ballester, que dirixía a revista da Falanxe en Ferrol en 1936, e de

quen o moribundo ridiculiza en varias ocasións a posterior actitude “hipócrita” (pp. 161, 169, 299); menciónase a Cela como delator, a Dionisio Ridruejo, etc. Nestes momentos de crítica o vello verdugo parece algo consumido de envexa, e esa amargura sería o resultado da súa desilusión. Á fin e ao cabo, el non é e nunca foi un home feliz. Ao regresar das súas andanzas por Rusia, non volve reunirse coa súa muller e o seu fillo, abandónaos para ir a Madrid, pero os seus vellos camaradas non o axudan, néganlle unha praza de profesor na universidade pola súa fama demasiado negra (p. 383) e acaba traballando de practicante nun sanatorio. Quéixase a miúdo de ser un apestado, por facer o traballo sucio. Rematará só, dado á bebida, e sen amigos. E cando as conversas con Celia, aínda que el sempre chegue a dominalas, acaban por esgotalo, morre, sen que consiga, sen que queira, pronunciar a palabra de perdón que Celia lle pide.

5. Conclusións

Contribúe esta novela á temática da memoria histórica? Pódese considerar sen máis como outro libro sobre esa guerra e as súas secuelas? Diso non cabe dúbida. Ao redor dunha trama narrativa que non se desvela até o final -porque os personaxes todos están dun ou outro xeito vinculados entre si-, o escritor esbozou un retrato da sociedade española, galega, de antes e durante a Guerra Civil, situando a historia no contexto europeo do auxe dos totalitarismos.

Pero hai máis na novela; o autor foi máis alá, ao introducir deliberadamente unha crítica á política oficial respecto da recuperación da memoria. Esa crítica non provén só da xeración que reivindica finalmente máis transparencia para a súa busca identitaria, senón tamén do propio criminal, e iso de dous modos. Por un lado, polas reflexións recriminatorias que el solta (cfr. supra), pero aínda máis porque a súa voz narrativa, a pesar de ser a máis importante, non é convincente: ningún dos outros personaxes simpatiza con el, e tampouco o lector. De feito, presumindo das crueldades máis inhumanas sen ningún arrepentimento e tratando aos outros até o final dun xeito tan oufano, non emana ningunha autoridade narrativa del, ao contrario, só dá grima, censurando dese xeito a súa apoloxía do totalitarismo. Non logra impoñer as súas conviccións ao lector, unha impotencia que, en realidade, tamén se manifestou na súa propia vida; é, nas palabras de José-Carlos Mainer (2005: 96), dos que, “ganándola [la guerra], la perdieron”.

Cadra esta novela dentro do que Ulrich Winter chamou a terceira etapa de libros sobre a Guerra Civil, a da reconciliación? Reconciliación é certamente o que os personaxes de Celia e do médico do hospital intentan lograr, o que lles interesa, que veña por parte dos vencedores unha simple palabra de desculpa, con iso conformaríanse. Pero a imposibilidade do vello de pedir perdón e a súa resistencia a sentir arrepentimento mostran unha postura diferente. Por outro lado, o feito de que Suso de Toro, dende o máis profundo dos respectos cara ás vítimas, rehabilite os verdugos, ao cadrar o seu ideario dentro do marco dos fascismos europeos presentes no primeiro terzo do século XX, é un intento honorábel de pechar feridas, un esforzo de explicar o inexplicable, de atender as razóns dos reaccionarios, que tamén tiñan o seu fundamento. En resumo, fainos ver que temos que aceptar o monstruoso que temos todos os seres humanos, e deste modo o libro é un intento de reconciliar as dúas posturas que existen en España. Non obstante, paréceme que, a través do protagonista, o escritor radicalizou quizais demasiado a dereita, retratándoa sen demasiadas sutilezas. De feito, sería esaxerado considerar que todos os nacionalistas pensasen ou actuasen como o verdugo (aínda que o título, *Home sen nome*, aquí aplicado ao asasino e non aos mortos anónimos, suxire que o mal reside en calquera persoa, que todos somos capaces de converternos en criminais). O autor deixa transparentar as súas ideas sobre o debate e a súa opinión sobre a dereita franquista e o fascismo, que, segundo di o verdugo, está presente na actual sociedade española, tal como o escribe o Suso cívico no seu libro de ensaios *Otra idea de España*²³, aínda que, por outro lado, tamén deixa claro que se está aínda pendente da autocrítica da esquerda. A traxectoria do protagonista fai pensar na célebre frase de Unamuno: “venceredes pero non convenceredes”, e paréceme que esa é, quizais, outra mensaxe do autor aos seus lectores, é dicir, que despois de tantos anos, os vencedores non convenceron aos outros e que xa é tempo de que todos encaren o acontecido, “para que o pasado non sexa enterrado de modo indigno, para que teña un rito de despedida. Para que existan palabras que expresen e absolvan tanta dor afogada”, como escribe Suso de Toro nos seus agradecementos (p. 396).

Así, pódese dicir que o que escribe Suso de Toro nos seus artigos xornalísticos e ensaios atopa un eco bastante claro nesta obra, que o Suso de Toro

²³ Nunha entrevista de 1988, Eduardo Mendoza di o mesmo, a saber, que durante a Transición o fascismo en España “no tenía ni siquiera que exponer su filosofía porque ya estaba en la vida cotidiana, en la educación, en la información, en el lenguaje” (citado en Steenmeijer, 2005: 143). Segundo de Toro, aínda é así.

“cívico” non puido evitar coarse subrepticamente na súa obra artística que, dito sexa de paso, é moi literaria, chea de citas ocultas ou explícitas, é un diálogo coa *Eneida*, a *Divina Comedia*, *El burlador de Sevilla*, etc. Non obstante, polas referencias tan obvias á problemática que move a España actual, esa novela de ficción fórmulase como un libro explícito sobre a recuperación do pasado oculto, sobre a necesidade de actuar canto antes. O feito de que aparezan xunto ao personaxe de ficción nomes de represores e asasinos reais, “algúns que actuaron na miña cidade” (Toro, 2007), fai que a obra entronque “coa escritura máis radicalmente comprometida coa sociedade contemporánea e a súa conciencia histórica” (Gómez-Montero, 2007: 4), que é literatura de compromiso intentado para non deixar indiferente o lector. É como o escritor galego pon na dedicatoria que lle escribiu á Raíña Sofía: “Un libro que son moitos libros e un libro que é un acto estético e moral”. O Suso cívico e o Suso artístico achegáronse bastante nesta obra literaria, que non trata do silencio en si, senón da urxencia de denunciar este esquecemento na España do principio do novo milenio. Trátase, pois, dun libro que, no ano de recuperación da memoria histórica que era o 2006, veu ao rego. Quen saberá se contribuíu en algo á Lei da Memoria Histórica de decembro de 2007?

Francesca Blockeel

Lessius University College Antwerpen
K.U. Leuven (Bélxica)

25

Bibliografía

- Aguilar Fernández, Paloma. 1996. *Memoria y olvido de la Guerra Civil Española*. Madrid: Alianza.
- Altmann, Michael. *Entre la amnesia y el ajuste de cuentas*. Berna. Universidad de Berna. (<http://ntbiomol.unibe.ch/Altmann/Amnesia.pdf>).
- Álvarez, José Antonio, Osés, Ignacio Cal Freire, Juan Haro Sabater e Maria Carmen González Muñoz. 2000. *La guerra que aprendieron los españoles / República y Guerra Civil en los textos del bachillerato (1938-1983)*. Madrid: Los libros de la catarata.
- Aranzadi, Juan. 2006. “Historia y nacionalismos en España hoy”, en *Archipiélago, cuadernos de crítica de la cultura*, nº 72, “Nueva derecha: ideas y medios para la contrarrevolución”.

- Armengou, Montse e Ricard Belis. 2004. *Les fosses del silenci. Hi ha un Holocauste espanyol?* Barcelona: Rosa dels vents.
- Ballesté, Jacques. 2001. “Compaginando Historia y Novela: *El Siglo*, de Javier Marías, y *Beltenebros*, de Antonio Muñoz Molina”, en *Regards/4: Espagne XX^e siècle. Histoire et mémoire* (eds. Marie-Claude Chaput e Jacques Maurice). París: Universidade de París X-Nanterre, pp. 119-144.
- Bertrand de Muñoz, Maryse. 2001. *Guerra y novela. La Guerra Civil española de 1936-1939*. Sevilla: Alfar.
- Boletín Oficial del Estado*. 2007. Ley 52/007, n° 310, 27 diciembre, pp. 53410-53416.
- Chaput, Marie-Claude. 2001. “Histoire et mémoire dans *Triunfo* (1975-1982)”, en *Regards/4: Espagne XX^e siècle. Histoire et mémoire* (eds. Marie-Claude Chaput e Jacques Maurice). París: Universidade de París X-Nanterre, pp. 49-73.
- Dupláa, Christina. 2000. “Memoria colectiva y *lieux de mémoire* en la España de la transición”, en *Disremembering the Dictatorship: The Politics of Memory in the Spanish Transition to Democracy* (ed. Joan Ramón Resina). Amsterdam-Atlanta: Rodopi, pp. 29-42.
- 26 Espiñeta Mestra, Francisco. 2006. *Contra el olvido. Historia y memoria de la Guerra Civil*. Barcelona: Crítica.
- Gómez López-Quñones, Antonio. 2006. *La guerra persistente. Memoria, violencia y utopía: representaciones contemporáneas de la Guerra Civil española*. Frankfurt am Main/Madrid: Vervuert/ Iberoamericana.
- Gómez-Montero, Javier. 2007. “Suso de Toro, *Home sen nome*”, en *SymCity*, n° 1, pp. 1-4. (www.unikiel.de/symcity/ausgaben/01_2007/data/SymCity_1_07_GoMo3.pdf)
- Juliá, Santos (coord.). 1999. *Víctimas de la Guerra Civil*. Madrid: Temas de hoy.
- Mainer, José-Carlos. 2005. *Tramas, libros, nombres. Para entender la literatura española, 1944-2000*. Barcelona: Anagrama.
- Ramos Mateo, Hugo. 2003. “Suso de Toro e Manuel Rivas: dous discursos literarios”, en *Madrygal*, n° 6, pp. 99-105.
- Resina, Joan Ramón (ed.). 2000. *Disremembering the Dictatorship: The Politics of Memory in the Spanish Transition to Democracy*. Amsterdam-Atlanta: Rodopi.
- e Ulrich Winter (eds.). 2005. *Casa encantada. Lugares de memoria en la España constitucional (1978-2004)*. Frankfurt am Main/Madrid: Vervuert/ Iberoamericana.

- Schiederig, Katharina e Friederike Thielking. 2006. *La cultura de la memoria en España y Alemania*. Simposio organizado en Berlín, os días 26 a 29 de maio de 2005, polo Instituto Cervantes e o Instituto Göethe (www.proele.com/memoria.pdf).
- Semprún, Jorge. Entrevistado por Ander Landaburu. 1995. “Veinte preguntas a Jorge Semprún”, en *Cambio16*, nº 1223, 1 mayo, pp. 8-9.
- Silva, Emilio. 2003. *Las fosas de Franco. Crónica de un desagravio*. Madrid: Temas de Hoy.
- Steenmeijer, Maarten. 2000. “El tabú del franquismo vivido en la narrativa de Mendoza, Marías y Muñoz Molina”, en *Disremembering the Dictatorship: The Politics of Memory in the Spanish Transition to Democracy* (ed. Joan Ramón Resina). Amsterdam-Atlanta: Rodopi, pp. 139-155.
- Toro, Suso de. 2005. *Outra idea de España*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2006. *Home sen nome*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- 2007. Suso de Toro entrevistado en: <http://www.elmasino.com/cazarabet/esi/28/>
- Vázquez Montalbán, Manuel. 2006. “Las memorias”, en *Casa encantada. Lugares de memoria en la España constitucional (1978-2004)* (eds. Joan Ramón Resina y Ulrich Winter). Frankfurt am Main/Madrid: Vervuert/ Iberoamericana, pp. 241-248.
- Winter, Ulrich (ed.). 2006. *Lugares de memoria de la Guerra Civil y el franquismo*, Frankfurt am Main/Madrid: Vervuert/ Iberoamericana.